



FACULTADE DE FILOLOXÍA



Boletín 32

5 de maio - 9 de maio

Título da actividade

Conferencia exdecan@s

M^a José López Couso

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Axente que organiza Decanato da facultade de Filoloxía

Data 12 de maio

Lugar Sala de Graos

Horario 12.00 h.

Enderezo electrónico de contacto

filoloxia.decanato@usc.gal

[Páxina web](#)

Descrición da actividade Título da conferencia «Dos desafíos ás oportunidades: Unha ollada á Facultade de Filoloxía 2012-2020»



Título actividade Adriano 80. Vida e obra.

Axente que organiza Decanato.

Datas, lugar e horario

- **Mostra** 28 de abril – 28 de maio. 2º andar
- **Abertura e concerto:** 28 de abril. 15.30. Salón de actos

Contacto filoloxia.decanato@usc.gal

Descrición da actividade

- **Coloquio:** Silvestre Lacerda **Concerto:** [Miguel Calhaz](#) e Manuel Rocha
- Adriano Correia de Oliveira, un dos máis destacados "cantores de intervención" portugueses, que musicou poemas de Rosalia de Castro ou Curros Henriques, chega a este centro para lembrar e honrar o 25 de abril, día da liberdade. A próxima segunda feira 28 de abril, ás 15.30 h., terá lugar no auditorio da facultade a inauguración da mostra 'Adriano 80. Vida e obra. 80 anos do nascimento de Adriano Correia de Oliveira'. Neste acto contaremos coa presenza de [Silvestre Lacerda](#), e coas actuacións musicais de Miguel Calhaz e Manuel Rocha.

A exposición "aborda os primeiros pasos na infancia e na juventude, refere o empenho do cidadão Adriano nas lutas estudantis e no Portugal de Abril, espelha as dificultades da vida do Adriano nos anos de resistencia e clandestinidade, mostra a evolución da sua música através do sorver de inspirações trazidas pelo contacto com as populações das diversas regiões do território nacional e do mundo, sinaliza e informa sobre os poetas que cantou, enquanto enquadra o percurso do homem e do artista com as mudanças políticas e históricas que se operaram, ao longo da sua vida, no nosso país". ([Exposição Itinerante – Centro Artístico Cultural e Desportivo Adriano Correia de Oliveira](#))

**ADRIANO 80
VIDA E OBRA**

28 ABRIL - 28 MAIO
FACULDADE DE FILOLOXÍA
2º ANDAR

**ACTO DE INAUGURACIÓN
28 DE ABRIL - 15.30H**
SALÓN DE ACTOS

80 ANOS DO NACEMENTO DE ADRIANO CORREIA DE OLIVEIRA

Inauguración da
exposición Adriano 80 -
Vida e Obra

Coloquio Silvestre
Lacerda

Momento musical
com Miguel Calhaz
e Manuel Rocha

USC FACULDADE DE FILOLOXÍA

ffo faculdade de
filoloxía

Título da información *Isidorus relectus*, o poder da palabra.

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Axente que organiza Decanato. Biblioteca da facultade de Filoloxía

Datas, lugar e horario

- **Mostra bibliográfica** 24 de abril – 24 de maio. 1º andar

Enderezo electrónico de contacto helena.decarlos@usc.es

Descrición da información/actividade

Homenaxe ao noso patrón, San Isidoro de Sevilla.

Con estes actos queremos honrar a figura de Isidoro de Sevilla, dando a coñecer tanto a súa obra como o seu perfil intelectual. Mediante a mostra pretendemos divulgar o patrimonio da nosa Biblioteca Universitaria, exhibindo edicións antigas e modernas, así como traducións a diversas linguas da prolífica produción isidoriana.

No acto de apertura terá lugar unha mesa redonda en que participarán Xosé Carracedo Fraga, Joel Varela Rodríguez e Helena de Carlos Villamarín, que actuará como moderadora. Coa organización desta actividade, o noso obxectivo é dar a coñecer ao estudantado, especialmente no ámbito dos estudos de grao, esta figura complexa e fundamental, ponte entre o mundo antigo e a Idade Media.

As múltiples capas que envolven o personaxe —desde o bispo de Sevilla, estudoso herdeiro da rica tradición do pensamento etimolóxico, ata o santo recuperado en diversas ocasións ao longo da historia peninsular— serán analizadas por tres especialistas nas letras da Tarda Antigüidade.

Isidorus relectus,
o poder da palabra



Mostra da obra de Isidoro de Sevilla
na Facultade de Filoloxía

Do 24 de abril ao 24 de maio de 2025

Título da actividade CineFilo: The Lost King

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Axente que organiza Decanato, CineFilo e a Profa. Cristina Mourón

Data martes, 6 de maio de 2025

Lugar Salón de Actos

Horario 17.00 h.

Enderezo electrónico de contacto proxecto.cinefilo@usc.gal

Descrición da actividade Proxección da longametraxe The Lost King (2022), do aclamado director británico Sir Stephen Frears, na que se dramatiza, en clave de humor, o biopic da guionista e produtora Philippa Langley e o seu empeño e tesón na procura dos restos do controvertido monarca inglés Ricardo III (1452–1485), desaparecidos durante máis de cincocentos anos. O coloquio posterior estará presidido pola profesora Cristina Mourón e conta coa participación dos Profesores do Depto. de Filoloxía Inglesa e Alemá Susana Jiménez e Jorge Sacido así como pola graduada Rocío Reboredo. Así mesmo, a mesa contará coa presenza do actor, director e autor teatral Evaristo Calvo, quen vén de estrear a obra Mala vida e peor morte do rei Ricardo III.

CineFilo presenta
The Lost King
Martes 6 de maio de 2025, 17:00 h
Salón de Actos, Facultade de Filoloxía - USC
Actividade aberta e de balde certificada con 1 crédito ECTS pola USC
Coa participación do actor, autor e director teatral
Evaristo Calvo



ffo facultade de filoloxía USC CENTRO DE LINGÜAS MODERNAS institut ramon llull Llengua i cultura catalanes USC UNIVERSITAT DE VALÈNCIA

Actividades Culturais

Título XI Edición do Concurso Literario Mazarelos

Destinatarias Estudantes de grao, mestrado e doutoramento matriculadas en calquera titulación da USC, persoas investigadoras contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación

Organiza CNL da Facultade de Filoloxía

Datas Entrega de orixinais 25 de marzo – 30 de setembro

Enderezo electrónico de contacto filoloxia.decanato@usc.gal

[Ligazón á páxina web ou rede social](#)

Descrición da información

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuir a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e anímate a participar!

XI Concurso Literario Mazarelos (2025)

1º Premio:
600 €

2º Premio:
500 €

3º Premio:
400 €

Aberto a todo o
estudantado da USC e a
investigadoras/es contratadas/os

Prazo de presentación ata o
30 de setembro de 2025

Información e bases:

ESCANÉAME

ESCANÉAME

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

ffo facultade de filoloxía

COMISIÓN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA USC

XUNTA DE GALICIA

Actividades Culturais

Título da actividade Podcast ROMÁNICAS NON ROMÁNTICAS

Destinatarias Todos os públicos

Axente que organiza Área de Filoloxía Románica (prof. Elvira Fidalgo e Manuel Negri); Azucena Albero García, Laura Pérez Quintas, Alizé Vidal Boucqué e Lucía Rey Gañete (alumnas do Maior en Filoloxía Románica).

Data Todos os domingos

Lugar <https://linktr.ee/romanicasnonromanticas?fbclid=PAY2xjawJk-TtleHRuA2FlbQIxMQABp6YIamtr9MyU9ubUxv50GybYfv3x4YnCvA6Gu6olhOCAPwrSG1qNrpUxJyaemTxt5KyoPRLUAIP9VVgXc1w>

Horario 16:00 h.


Contacto podcastromanicas@gmail.com

Rede social

https://www.instagram.com/romanicas_non_romanticas?igsh=aWdjNHnpdjUyb3p1

Descrición Benvid@s unha semana máis ao noso podcast Románicas non Románticas! Nesta ocasión abordaremos unha cuestión musical, en concreto un instrumento: a zanfona. Sabías que posúe orixe medieval? Ademais, etimoloxicamente procede do latín SYMPHONĪA ‘concerto’ e este do grego συμφωνία ‘acorde, son’. A nosa compañeira Andrea Mosteiro, do Grao de Galego, acompáñanos neste episodio para empaparnos de sabedoría acerca da zanfona! Se queres aprender máis sobre a historia deste fermoso instrumento, escóitanos! Descubre unha nova porta ao mundo: [@romnicas.non.romn](https://www.tiktok.com/@romnicas.non.romn) en TikTok.





 O día 18 de abril de 2025 abrirase o prazo para a realización de enquisas de opinión do estudiantado sobre a docencia recibida no 2º semestre do curso 2024/2025, tanto nas materias de titulacións de grao coma nas daqueles másteres que non fagan unha proposta de calendario específica.

 O prazo para cubrir as enquisas será dende o día 18 de abril ao 8 de maio de 2025 (ambos inclusive).

 O Centro de Datos e Procesos remitirá un correo electrónico a todo o estudiantado e profesorado avisando da apertura do período de realización das enquisas, solicitándolle a súa colaboración participando nelas.

Actividades/Informacións académicas

29 de abril
AULA C11

Itinerarios académicos

Moderadora: Alejandra Ulla Lorenzo (Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía)

16.00-17.30 Presentación programas de máster da Facultade de Filoloxía

- Prof. César Pablo Domínguez Prieto (coord.), Máster Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura
- Prof. Zeltia Blanco Suárez (coord.), Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións
- Prof. Israel Sanmartín Barros (coord.), Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Texto e Contextos
- Prof. Gabriela Prego Vázquez (coord.), Máster Universitario en Lingüística Aplicada
- Prof. Mario Cal Varela (representante da coord.), Máster Erasmus Mundus en Lexicografía
- Prof. Marta Blanco Domínguez (coord.), Máster Universitario en Ensinanza do Español como Lingua Estranxeira

17.30-19.00 Percorridos académicos

- Adrián Noia Vázquez (Bolseiro de formación en Biblioteconomía da Xunta de Galicia)
- Sarah Vidal Horta (Investigadora predoutoral do programa FPU do Ministerio de Ciencia)
- Pablo Ruiz Fabo (Investigador posdoutoral do programa Marie Curie)



5 e 7 de maio
SALÓN DE GRAOS

Itinerarios profesionais

Moderadora: Iria Liñares Cereixo (Estudante titora da Facultade de Filoloxía)

5 de maio

16.00-17.30 Sector tecnolóxico e da lingüística computacional

- Sofía García (Imaxin Software)

17.30-19.00 Sector da xestión da innovación e a investigación

- Manuel María París Lestón (Técnico da Área de Estratexias e Programas, Axencia Galega de Innovación, Xunta de Galicia)

7 de maio

16.00-17.30 Sector da xestión cultural, artística e creativa

- Xoaquín López (Xerente do Auditorio de Galicia)

17.30-19.00 Sector editorial

- Henrique Alvarellos (Alvarellos Editora)

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Presentación do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS)

Destinatarias Persoal investigador, persoal docente, estudantes

Axente que organiza Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS)

Data 05/05/2025

Lugar Salón de Graos

Horario 12:00 horas

Enderezo electrónico de contacto iltius.direccion@usc.es

Descrición da actividade

Presentación do iLTIUS

O vindeiro 5 de maio celebrarase na Facultade de Filoloxía un acto de presentación do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS) da USC, para dar a coñecer a súa sede e os seus obxectivos e retos diante da próxima convocatoria para a vinculación de persoal investigador.

Interveñen:

- Tamara Bouso Rivas, secretaria do iLTIUS
- Ignacio Palacios Martínez, garante do iLTIUS
- María José Alonso Veloso, directora comisaria do iLTIUS

Agardamos que sexa do voso interese e convidámosvos moi cordialmente ao acto de presentación do novo Instituto.



Luns, 5 de maio de 2025, 12:00 horas

Salón de Graos. Facultade de Filoloxía

Presentación do iLTIUS

O vindeiro 5 de maio celebrarase na Facultade de Filoloxía un acto de presentación do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS) da USC, para dar a coñecer a súa sede e os seus obxectivos e retos diante da próxima convocatoria para a vinculación de persoal investigador.

Interveñen:

- Tamara Bouso Rivas, secretaria do iLTIUS.
- Ignacio Palacios Martínez, garante do iLTIUS.
- María José Alonso Veloso, directora comisaria do iLTIUS.

Agardamos que sexa do voso interese e convidámosvos moi cordialmente ao acto de presentación do novo Instituto.



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Homenaxe e Lembranza a Belén López Meirama

Destinatarias Profesorado e estudiantado da Facultade de Filoloxía

Organiza Departamento de Lingua e Literatura españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

Data

6 de maio de 2025

Lugar Salón de Graos

Horario 12h

Enderezo electrónico de contacto

mjose.rodriquez.espineira@usc.es

Descrición Intervirán colegas e exalumnas para lembrar a actividade académica da profesora Belén López Meirama na Facultade de Filoloxía.



FACULTADE DE FILOLOXÍA



Belén López Meirama
Homenaxe e Lembranza

Martes, 6 de maio de 2025, 12 h.

Salón de Graos

Departamento de Lingua e Literatura española,
Teoría da Literatura e Lingüística Xeral

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Conferencia "Le Niger et sa littérature", Abdoul Aziz Issa Daouda (Universidade de Niamey)

Destinatarias Comunidade universitaria

Axente que informa Área de Filoloxía
Francesa


Data 7 de maio

Lugar C08

Horario 13 horas

Enderezo electrónico de contacto

departamento.cfisec@usc.gal



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Seminario PERFORMA:
"Estética de la improvisación", Alessandro Bertinetto
(Università di Torino)

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Axente que organiza Proxecto PERFORMA3 e
Grupo IDEAHS

Data 8 de maio

Lugar Sala B13, Facultade de Filoloxía

Horario 10-12 hs.

Enderezo electrónico de contacto
performagrupo@gmail.com

SEMINARIO PERFORMA



Alessandro Bertinetto
Università di Torino

ESTÉTICA DE LA IMPROVISACIÓN

Xoves 8 de maio de 2025, 10-12hs

Sala B13, Facultade de Filoloxía, USC

Inscripción a través do enderezo: performagrupo@gmail.com

Prioridade: PDI e estudantes de mestrado e doutoramento

Organizan:

Proxecto PERFORMA3 (PID2023-149349NB-I00) Grupo IDEAHS (GI-1510) (ED431C 2023/21)

performa **IDEAHS**

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Escolasticidio: a destrución do sistema educativo en contextos de conflito. Os casos de Palestina, o Líbano, Irán, Afganistán e o Sáhara Occidental

Destinatarias Comunidade universitaria

Axente que Cátedra Institucional Araguañey para o Diálogo entre Culturas

Data/s 08-09.05.2025

Lugar

Salón de Graos da Facultade de Filoloxía (08.05.2025)

Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación (09.05.2025)

Horario 12:00--14:00hs.

Enderezo electrónico de contacto

david.rodriguez@fundacionaraguañey.org

[Páxina web](#)

Descrición da actividade Escolasticidio é o termo utilizado pola profesora Karma Nabulsi para dar conta da sistemática e deliberada destrución do sistema educativo palestino por parte do exército israelí dentro da política de xenocidio reforzada coa invasión de Gaza despois do 7 de outubro de 2023. O obxectivo destas xornadas internacionais é analizar con criterios científicos o escolasticidio e os seus efectos en Palestina, en especial na infancia e na mocidade, pero tamén noutras situacións de conflito armado coma os do Líbano, Afganistán, Irán ou o Sáhara Occidental.

8 de Maio

Facultades de Filoloxía, Salón de Graos, USC

9 de Maio

CC. da Comunicación, Auditorio, USC

12:00 h — 14:00 h

XORNADAS INTERNACIONAIS

**ESCOLASTICIDIO:
A DESTRUCCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO
EN CONTEXTOS DE CONFLITO**

Os casos de Palestina, o Líbano, Irán, Afganistán e o Sáhara Occidental

Organizan:



Colabora:



Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: *II Xeira CLARIAH-GAL*

ORGANIZA: Grupo FILGA

DATA/S: 9 de maio de 2025

LUGAR: salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 09:00-19:30 h

ENDEREZO DE CONTACTO: vitor.miguez@usc.gal

LIGAZÓN: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/II-xeira-clariah-gal>

DESCRICIÓN: Este evento pretende ser un espazo para dar a coñecer as infraestruturas europeas de investigación [CLARIN](#) e [DARIAH](#), así como para difundir proxectos e grupos de investigación galegos que traballen no ámbito das Humanidades Dixitais e das tecnoloxías lingüísticas aplicadas á investigación en Humanidades e Ciencias Sociais.

Ata o 31 de marzo pódense enviar **propostas de póster** de proxectos relacionados coas Artes, Ciencias Sociais e Humanidades Dixitais, que se estean levando a cabo en Galicia ou por grupos de investigación galegos, a ilgsec@usc.gal. O resumo non deberá exceder as 500 palabras (excluindo referencias bibliográficas) e deberá incluír o título e autoría, así como a motivación, obxectivos, método ou resultados.



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Saberes científicos y textos en la Antigüedad: Un diálogo entre filología e historia de la ciencia

Destinatarias Estudiantes de todos os cursos de grao, mestrado e doutoramento

Axente que organiza GI 1908 “Estudios Clásicos e Medievais” (Clasmed)


Data 9 de maio

Lugar Facultade de Filoloxía, aula C01

Horario 12.00

Enderezo electrónico de contacto joel.varela.rodriguez@usc.es

Descrición da actividade Neste seminario falarase sobre o desenvolvemento das ciencias na Antigüidade e a súa importancia para a comprensión dos textos e autores antigos, un aspecto que normalmente non se trata nos plans de estudo. Será impartido polo prof. Pablo Rodríguez Liboreiro (Universidade Politécnica de Madrid) e Joel Varela Rodríguez (USC). O seminario está especialmente dirixido a estudantes de todos os cursos de grao, mestrado e doutoramento. Unha vez rematado o evento, entregaranse os correspondentes certificados. Os estudantes interesados en asistir deberán enviar un correo antes do vindeiro 7 de maio.



SEMINARIO

Saberes científicos y textos en la Antigüedad

Un diálogo entre filología e historia de la ciencia

Pablo Rodríguez Liboreiro
(Universidad Politécnica de Madrid)

Joel Varela Rodríguez
(Universidad de Santiago de Compostela)

FACULTADE DE FILOLOXÍA, AULA C01
9 DE MAYO DE 2025 • 12:00H

Inscripción: joel.varela.rodriguez@usc.es

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Congreso Internacional 1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza

ORGANIZACIÓN: Instituto da Lingua Galega

CONTACTO: congreso.literatura.sociedade@usc.gal

DATAS: 19-20 de xuño, 2025

LUGAR: Facultade de Filoloxía


PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade>

DESCRICIÓN:

Conferencias plenarias confirmadas: Antón Figueroa (profesor xubilado da Universidade de Santiago de Compostela), Tristan Leperlier (Marie Skłodowska-Curie Fellow — CNRS), Isaac Lourido (Universidade da Coruña), Ana Luna (Universidade de Vigo) e Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela).

CONGRESO
INTERNACIONAL
1950-2010:
SEIS DÉCADAS
DE LITERATURA
E SOCIEDADE
EN GALIZA

19-20 DE XUÑO DE 2025,
FACULTADE DE
FILOLOXÍA (USC)



ilg | Instituto
da Lingua
Galega

USC
FACULTADE DE FILOLOXÍA

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CONECTA, UNIV. SANTIAGO
FORMACIÓN PROFESIONAL

GOVERNAMENTO DE GALICIA
GOVERNMENT OF GALICIA

Actividades/Informacións académicas

Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe "Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pdq4_LDJX

ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA
MEI



IRIA
LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUCTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE

PODES FALARNOS POLOS CORREDORES
OU AO NOSO CORREO:

saramei.ferro@rai.usc.es


iria.linares@rai.usc.es



FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

twitter.com/filoloxia



filoloxiausc.bsky.social

@filoloxiausc.bsky.social

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia